

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE I+D+I.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2017

COMPARECEN

conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante consellería), nomeado mediante o Decreto 148/2016, do 13 de novembro (DOG núm. 17 do 13 de novembro), de acordo co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado pola Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril).

reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), en representación desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- As universidades que integran o Sistema universitario de Galicia (en adiante SUG) son entidades de dereito público que, xunto coa misión docente, realizan actividades de investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico o que as configuran como un dos principais axentes xeradores de coñecemento en Galicia.

Un feito relevante é que en Galicia a universidade pública é o lugar onde máis se investiga. O impulso da actividade investigadora é un obxectivo irrenunciable para calquera sociedade e por iso é necesario fomentar unha maior integración entre os centros de investigación e os sectores produtivos, incidir na cultura da calidade e eficacia na utilización das infraestruturas e do capital humano que permitan unha

mellora significativa na totalidade dos sectores produtivos e, a súa vez, a potenciación dunha universidade galega de calidade.

SEGUNDO.- A Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinanzas universitarias correspondentes á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coas atribuídas polo artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia. A Secretaría Xeral de Universidades, de acordo coas competencias que lle outorgou o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, de estrutura orgánica da consellería, debe velar pola promoción e xestión eficiente e integrada dos recursos e capacidades de investigación do SUG para a súa vertebración e posta en valor no marco do sistema de innovación. Tal xestión concrétese na promoción, deseño e materialización dos instrumentos necesarios para mellorar o financiamento estrutural da súa actividade investigadora.

TERCEIRO.- Na actualidade a investigación configúrase como fundamento da docencia e como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade, a través da transferencia de coñecemento. O sistema público de I+D en Galicia, no ámbito universitario, ven amosando unha mellora da capacidade investigadora e dos seus resultados tanto pola adecuada estruturación dos recursos e da actividade de investigación coma pola mellora da súa calidade.

Para garantir a produción dunha investigación de calidade por parte do sistema galego de I+D+i é esencial contar con estratexias e estruturas eficaces que xeren unha contorna favorable á investigación e fortalezan un sistema integral que garanta a excelencia científica.

Compre polo tanto afrontar un conxunto de medidas e accións concretas a desenvolver por actores específicos para mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica mediante a diversificación na chegada de recursos.

CUARTO.- Que H2020 é a estratexia de especialización da Unión Europea para facer fronte á crise e acadar unha economía intelixente, sustentable e integradora que goce de altos niveis de emprego, de produtividade e de cohesión social. Nesta estratexia destácase o papel fundamental da investigación e da innovación na preparación da Unión Europea ante os desafíos futuros e sinala cinco ambiciosos obxectivos en materia de emprego, innovación, educación, integración social e clima/enerxía.

A estratexia Europa 2020 considera que o apoio á investigación e á innovación terá que desenvolverse ao redor da excelencia científica, as industrias competitivas e unha mellor sociedade, centrando o investimento nos principais problemas comúns de todos os

europesos, como o cambio climático e a competitividade da enerxía renovable ou os desafíos dunha poboación cada vez máis envellecida.

Non se debe esquecer que no marco estratéxico común 2014-2020 a Comisión Europea considera a innovación como un dos obxectivos temáticos aos que se destinarán os fondos comunitarios nese período. O investimento público orientarase ao que se denomina “concentración temática”, cunha política aplicada a prioridades moi concretas que favorezan o crecemento, a adecuación dos fondos ás propostas das rexións onde se apliquen, seguindo unha estratexia de gasto baseada nas súas propias necesidades e retos do seu desenvolvemento.

QUINTO.- Estímase que as actuacións previstas no presente convenio son coherentes co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, correspondéndose co seu Eixo E1 (“Empregabilidade e crecemento intelixente”), Prioridade de actuación PA01 (“Impulso de consolidación das políticas de gasto vencelladas ao I+D+i”), no obxectivo estratéxico OE02 (“Mellorar a capacidade investigadora e os resultados da investigación universitaria galega”).

SEXTO.- Que, a partir da situación actual, a consellería e a USC consideran necesario impulsar a ordenación, estruturación e potenciación da INVESTIGACIÓN.

Por conseguinte, as partes abaixo asinantes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a consellería e a USC para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i co fin de estruturar e potenciar a actividade investigadora da Universidade de Santiago de Compostela.

SEGUNDA.- Actuacións

As actuacións realizadas ao amparo do presente convenio enmarcaranse en cinco accións principais:

1. Cofinanciamento dos investimentos en infraestruturas e equipamento científico-técnico concedidos nominalmente pola Resolución do 7 de decembro de 2016, da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación

Esta acción aplícase ao cofinanciamento da achega económica que a USC necesita para afrontar o custe total dos investimentos subvencionados, concedidos nominalmente pola Resolución do 7 de decembro de 2016, da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación, do procedemento de concesión de axudas a infraestruturas e equipamento científico-técnico.

A consellería comprométese a aportar a parte do investimento que debe afrontar cada universidade en relación ás actuacións subvencionadas segundo o recollido na indicada resolución.

- Cofinanciamento en infraestruturas e equipamento 1.075.002 €

**PROXECTOS DE INFRAESTRUTURA e EQUIPAMENTO CIENTÍFICO-TÉCNICO
COFINANCIADOS CON FONDOS FEDER-2015**

Referencia	Infraestrutura/Equipamento financiado	Importe total	Cofinanciamento
UNST15-DE-2857	Equipo de microscopía confocal spinning disk. CIQUS	307.400 €	61.480 €
UNST15-DE-3678	Plataforma bioanalítica para el CIMUS	378.966 €	75.793 €
UNST15-DE-3443	Dotación del área experimental y plataformas CEBEGA	875.120 €	175.025 €
UNST15-DE-3534	Equipamiento de alta resolución espectrometría de masas	469.000 €	93.800 €
UNST15-DE-3652	Consola para un espectrómetro de RMN de alto campo	685.000 €	137.000 €
UNST15-DE-3681	Adquisición de equipos en la Unidad de EIR	386.285 €	77.257 €
UNST15-DE-3827	Licador Helio	176.101 €	35.220 €
UNST15-DE-3436	Difractómetro de rayos X de monocristal de amplia versatilidad	529.900 €	105.980 €
UNST15-DE-3025	Instalación de un acelerador lineal de electrones en el Laboratorio de Radiofísica de la Universidad de Santiago	196.932 €	39.386 €
UNST15-DE-3929	Infraestructuras para grandes y medianos animales (CEBIOVET)	706.712 €	141.342 €
UNST15-DE-3446	Equipamiento de correlación de imágenes digitales (DIC) Aramis 3-D 12M.	107.000 €	21.400 €
UNST15-DE-3349	Digital PCR (ddPCR) para el Servicio de Biotecnología del IA	104.222 €	20.844 €
UNST15-DE-3156	Perfilometría óptica 3D confocal e interferométrica en el desarrollo de nuevos materiales y aplicaciones industriales y biomédicas	122.370 €	24.474 €
UNST15-DE-3350	Sistema SFC-HRMS (Cromatografía fluidos supercríticos- EM alta resolución)	330.000 €	66.000 €
TOTAL		5.375.008 €	1.075.002 €

2. Plan de lanzamiento da Área de Matemáticas 2017-2019

Esta acción contempla a colaboración da consellería no financiamento do Plan de lanzamiento da Área de Matemáticas no marco do Protocolo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a USC para o posicionamento estratéxico da área de Matemáticas asinado o 23 de setembro de 2016.

- Plan de de lanzamento da Área de Matemáticas (2017-2019) 500.000 €

EIXOS E ACCIONS	2017	2018	2019	TOTAL
Apoio aos procesos de Xestión de I+D: Internacionalización e Transferencia (persoal)	9.000 €	45.000 €	14.000 €	68.000 €
Programa de captación fondos (Servizos Externos)	15.000 €			15.000 €
Estudo para o seguemento da carreira científica (Servizos Externos)	10.000 €			10.000 €
Programa de bolsas para estudantes de Grao e Master (15 bolsas)	40.000 €			40.000 €
Programa de xoves investigadores en proxectos I+D (8 contratos de duración anual, el curso 2017/18, y 6 el el curso 2018/19,)	15.000 €	50.000 €	25.000 €	90.000 €
Programa de Investigadores Postdoctorais (4 contratos x 2 anos)	45.000 €	150.000 €	75.000 €	270.000 €
Programa de Formación en Competencias transversais	5.000 €			5.000 €
Comunidade de Innovación (accións de promoción con empresas)	2.000 €			2.000 €
TOTAL	141.000 €	245.000 €	114.000 €	500.000 €

3. Iniciativas encamiñadas á Planificación e conformación do CAMPUS DA CIDADANÍA

1. Diseñar e desenvolver os traballos de redacción, comunicación e presentación para asegurar un amplo recoñecemento e implicación académica e social dos seus obxectivos. Concretamente:

- Gastos asociados aos traballos de elaboración de documentación e materiais para dar a coñecer e difundir o Plan estratéxico
- Organización de dous eventos que sirvan de presentación do Plan estratéxico, contando con figuras relevantes do ámbito académico

2. Desenvolvemento dun plan de traballo e apoio de consultoría para definir e conformar agrupacións de investigación relacionadas cos eidos do Campus da Cidadanía

Planificación e conformación do Campus da Cidadanía	30.000 €
○ Presentación e difusión do Plan estratéxico do CC	16.000 €
○ Desenvolvemento do Mapa de capacidades do CC	14.000 €

4. CAMPUS TERRA: Plan de Actuación 2017

No documento do plan estratéxico do Campus Terra, o seu desenvolvemento aparece temporalizado nun prazo de cinco anos (2015-2019). Na elaboración do plan de acción 2015-2016 acordouse dividir este período de actuacións en dúas fases, dando lugar cada unha delas ao establecemento do correspondente convenio entre a Universidade de

Santiago de Compostela e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

O convenio da primeira fase, asinado o 4 de setembro de 2015, estableceu o plan de actuación para os primeiros dous anos (2015 e 2016) e centrouse na definición e programación das liñas de actuación prioritarias que debían permitir facer operativo e viable o desenvolvemento do proxecto.

A presente proposta para o plan de acción 2017-2018 do Campus Terra persegue completar o desenvolvemento do plan estratéxico cos seguintes tres obxectivos principais:

Mantemento das estruturas de Gobernanza do Campus Terra nunha dobre vertente: (i) mantemento das Estructuras de Goberno internas e externas, e (ii) mantemento da Unidade Técnica que dea soporte operativo as estratexias do Campus.

Desenvolvemento dos Plans operativos elaborados no primeiro plan de acción.

Materializar as Accions estratéxicas indicadas no plan estratéxico do Campus Terra.

Liñas de acción:

EIXOS/ACCIONS	2.017 €
Mantemento da gobernanza	162.000 €
Unidades de Goberno e Rede de Valor	10.000 €
Unidade Técnica	152.000 €
<i>Xestor/a de internacionalización</i>	38.000 €
<i>Xestor/a de especialización da oferta docente</i>	38.000 €
<i>Xestor/a de innovación e transferencia</i>	38.000 €
<i>Xestor/a de divulgación-comunicación</i>	38.000 €
Plan de Especialización Docente	26.000 €
Programa de incremento e mellora de prácticas externas (movilidade)	
Programa de colaboración docente unive-empresa (movilidade; talleres)	
Establecemento de colaboracións docentes con universidades (movilidade)	
Plan de Investigación para a orientación da I+D+i	75.500 €
Deseño de un Plan de Acción e Estratexia de Gobernanza para consolidar o mapa de capacidades. Articulación de una Agrupación: Consultoría Externa	30.000 €
Proxectos/liñas de I+D colaborativos: Articulación de 2-3 proxectos para impulsar colaboración entre grupos nos focos estratéxicos identificados	15.000 €
Establecemento de alianzas estratéxicas con axentes do entorno e posicionamento en plataformas internacionais (movilidade; talleres)	5.500 €
Captación de financiamento para I+D+i. Proxectos tractores internacionais: Consultoría Externa	15.000 €
Apoio á Proxectos de Valorización e Iniciativas de Emprendemento	10.000 €
Plan de comunicación e reputación corporativa do Campus Terra	54.000 €
Plan de Comunicación e reputación corporativa: Xornada 'Benvid@s ao Campus Terra'; Premios Campus Terra; evento DivulgaTerra (Divulgación Científica); Material Corporativo...	40.000 €
Xunvencencia: Campus de Verán para acercar os estudantes de secundaria ás actividades científicas e docentes no Campus Terra	14.000 €
Plan estratéxico de internacionalización	40.000 €
Formación en Linguas	20.000 €
Movilidade	20.000 €

Plan de homologación e certificación (2ª fase)	125.000 €
Acreditación EAEVE da Facultade Veterinaria	125.000 €
Desenvolvemento de accións estratéxicas	337.500 €
Mantemento da unidade e-Terra	3.000 €
Creación da Escola de Doutoramento	20.500 €
Centro de emprendemento na Facultade de ADE	142.500 €
Aula de informática do centro de emprendemento	17.500 €
Mellora das infraestruturas RIAIDT en Lugo	24.000 €
Mellora de fincas e granxas experimentais	130.000 €
TOTAL	820.000 €

5. Programa de portas abertas e promoción dos centros de investigación

Esta acción ten como obxectivo aumentar a visibilidade e proxección social dos Centros Singulares de Investigación da USC, financiados de xeito competitivo polo *Programa de axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación singulares e agrupacións estratéxicas consolidadas do Sistema universitario de Galicia*.

O programa proposto persegue dar a coñecer á sociedade a actividade científica que se realiza nos centros a través do desenvolvemento dun Programa de portas abertas, deseñando experiencias e proxectos demostradores que, baixo criterios de divulgación científica., poñan en valor as actividades de I+D e os procesos de xeración de coñecemento que desenvolven en Galicia os centros de referencia científica.

As actuacións programaranse de xeito específico para centros de estudos de primaria e secundaria e para o público en xeral.

O financiamento aplícase a gastos de comunicación e promoción (con un máximo do 25%), así como ao deseño e implementación dos experimentos demostradores.

- Centro Singular en Química Biolóxica e Materiais Moleculares..... 10.000€
- Centro Singular en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas..... 10.000€
- Agrupación Estratexia consolidada enTecnoloxías da Información 10.000€

TERCEIRA.- Financiamento

A dotación para este convenio é de dous millóns catrocentos cincuenta e cinco mil dous euros (2.455.002 €), con cargo ao orzamento da Xunta de Galicia , no marco do Plan galego de financiamento universitario 2016-2020 aplicación orzamentaria 10.40.561B.744.0 código de proxecto (2016 00129) e (2015 00687) para o Campus Terra, co seguinte reparto e conforme á táboa resumo que se incorpora:

ANO	2017	2018	2019	TOTAL
IMPORTE	2.096.002 €	245.000 €	114.000 €	2.455.002 €

Esta cantidade de 2.455.002 € trátase dun importe certo e queda por conta da USC a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No caso de existir baixas económicas nas adxudicacións realizadas tamén se poderán incluír aquelas inversións en equipamento científico-tecnolóxico, infraestruturas de equipamento e mobiliario de laboratorio.

A axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin, pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada pola consellería poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co establecido no artigo 11.e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social substituirase por unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

Anexo: TABOA RESUMO DO CONVENIO PARA O IMPULSO EFICIENTE DAS INFRAESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN					
SUG	ACCIÓNS	2017	2018	2019	TOTAL
USC	Cofinanciamento dos investimentos en infraestruturas e equipamento científico-técnico concedidos nominalmente pola Resolución do 7 de decembro de 2016, da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación.	1.075.002			1.075.002
	Plan de lanzamento da área de Matemáticas 2017 – 2019	141.000	245.000	114.000	500.000
	Iniciativas encamiñadas á planificación e conformación do CAMPUS DA CIDADANÍA	30.000			30.000
	CAMPUS TERRA: Plan de actuación 2017	820.000			820.000
	Programa de portas abertas e promoción dos Centros Singulares de Investigación	30.000			30.000
	TOTAL POR ANUALIDADES	2.096.002	245.000	114.000	2.455.002

CUARTA.- Fórmula de pagamento

Para o pagamento único, a universidade achegará antes do 15 de decembro de cada anualidade de vixencia do convenio:

- Unha certificación expedida polo órgano de control que corresponda na que se acredite a toma de razón en contabilidade, que se cumpriu a finalidade do presente convenio e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.
- Unha memoria explicativa das actividades desenvolvidas con cargo aos fondos recibidos que, como mínimo, deberá manifestar detalladamente as actuacións realizadas, os conceptos, procedementos de contratación, períodos de realización e pagamento dos gastos presentados. Coa memoria achegarase copia cotexada da xustificación dos gastos (facturas ou documentos contables de valor probatorio equivalente, contratos, actas, ...) e dos pagamentos, cos xustificantes das transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagamentos realizados.
- Unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para este fin, das distintas administracións públicas.
- Así mesmo, deberase presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración.

QUINTA.- Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a consellería, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.

SEXTA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos deste que poidan xurdir, créase unha comisión mixta constituída do seguinte modo:

- Tres membros da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un/unha actuará como presidente/a.

- Tres membros da Universidade de Santiago de Compostela.

A dita comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera conveniente, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola consellería.

SÉTIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, sen prexuízo de que poida atender accións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2017, e terá vixencia ata o 31 de decembro do 2019.

Non obstante o establecido no apartado anterior, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por renuncia dalgunha ou por denuncia deste por incumprimento dalgunha delas, o que se comunicará fidedignamente, logo de audiencia desta e con, polo menos, un mes de antelación. En calquera destes casos procederase á revogación da axuda, así coma ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- Natureza do convenio

De acordo co establecido no artigo 36 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, este convenio ten un interese público, xa que de conformidade co previsto nos artigos 53 e 54 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (DOG núm. 125, do 3 de xullo) corresponde á Xunta de Galicia, a través da consellería, coordinar as universidades do SUG para acadar a mellora da docencia, a investigación, a extensión universitaria, a promoción, a adaptación ás demandas e necesidades da sociedade e a realización de estudos no ámbito da docencia, investigación, innovación, xestión, ...

As actuación previstas no convenio estenderanse ás tres universidades galegas, potenciando a racionalización do mapa universitario, podendo beneficiarse todos os grupos de investigación e agrupacións estratéxicas do SUG. Polo tanto, non é necesario promover a concorrência competitiva.

O presente convenio de colaboración ten a natureza dos previstos no artigo 4.1c) do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, e realízase ao abeiro do establecido no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector

público, e réxese para os seus efectos polo establecido nas cláusulas deste, e no seu defecto pola normativa xeral en materia de contratos das administracións públicas e polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo co disposto na comunicación da comisión sobre o Marco de axudas estatais de investigación e desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01), publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 27 de xuño de 2014, a subvención contemplada neste convenio non constitúe axuda de Estado nos termos do artigo 107 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ao tratarse de financiamento público de actividades non económicas como instrumento axeitado para dar resposta a obxectivos e fins de interese común, en particular, a coordinación e cooperación como elemento relacional básico para a racionalización do mapa universitario e o fortalecemento do conxunto das universidades galegas respectando a identidade de cada unha delas (artigo 2, 1,c da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia).

Non obstante a USC deberá garantir que as actividades derivadas deste convenio axústanse ás normas procedimentais e materiais vixentes no momento da concesión da axuda, debendo informar á consellería por medio da comisión de seguimento.

NOVENA.- Publicidade

Segundo a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a USC consente expresamente para que a Administración inclúa e faga públicos, nos rexistros regulados neste decreto, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas. A reserva que puideran facer as beneficiarias no sentido de non autorizar a obtención dos datos ou a publicidade destes nos rexistros, que en todo caso terán que expresarse, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou á revogación do acto de outorgamento.

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estarán sometidas ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de acordo co indicado na actual redacción do artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e segundo o disposto nos artigos 3.1, b) e 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de

transparencia e bo goberno, a información correspondente ao presente convenio publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMA.- Resolución de controversias

O presente convenio réxese en canto a súa interpretación e desenvolvemento polo ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos que se establecen no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De acordo co establecido no artigo 53 de dita lei este convenio deberá ser remitido ao Consello de Contas nos termos que no mesmo se establecen.

Lido por todas as partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubrícano por triplicado, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O reitor da Universidade de Santiago
de Compostela